

AO RECTOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

ÁNGELA CAPELO DOCAMIÑO , maior de idade, con D.N.I. nº 36.043.601, con domicilio en PLAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO Nº 8, 6º A, VIGO comparece e como mellor proceda en Dereito DI :

Que perante o presente escrito e en conformidade co previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro do réximen xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, ven a presentar RECURSO DE ALZADA ou subsidiariamente RECURSO de REPOSICIÓN contra a adxudicación de plazas da Universidade de Vigo para técnicos das oficinas de orientación ao emprego de data 9 de outubro de 2007 en base aos seguintes feitos:

1º.- Que pola Universidade de Vigo convocábase selección cara a contratación de catro técnicos/as para a oficina de información, orientación e busca de emprego da universidade de Vigo.

2º.- Que ÁNGELA CAPELO DOCAMIÑO presentou a súa solicitude de participación neste proceso selectivo dentro do prazo sinalado.

3º.- Que a convocatoria das citadas plazas ven dada en virtude da concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego , o haber sido concedidas pola Consellería de Traballo á Universidade de Vigo axuda para a contratación de persoal técnico adicado ó desenvolvemento das precitadas actividades.

4º.- Que na Resolución Reitoral do 18 de setembro de 2007 pola que se publica a proposta para a contratación de catro Técnicos/as para a Oficina de Información, Orientación e Busca de Emprego da Universidade de Vigo, convocada por RR do 31/07/07, Angela Capelo Docamiño aparece en terceiro lugar por orden de puntuación na cualificación final derivada do proceso de selección levado a cabo por unha comisión de avaliación nombrada para realizar dita proposta de contratación.

5º.- Que, habendo dúas plazas para o Campus de Vigo, unha plaza para o Campus de Pontevedra e unha plaza para o Campus de Ourense, a Ángela Capelo se lle adxudica de xeito totalmente irregular a plaza no Campus de Ourense.

6º.- Que, a Universidade de Vigo intenta argumentar para dita adxudicación un escrito remitido pola Consellería onde xa veñen dadas as plazas nominalmente as

persoas seleccionadas. Que dito escrito adolece de vicios que o anulan totalmente xa que non ven firmado pola Universidade de Vigo, e porque a simple vista parece que foi obxecto de manipulación xa que o tipo de letra, e a orde e posición parecen que non son as orixinarias.

7º.- Que en todo caso, dita adxudicación supón unha ruptura do precedente administrativo seguido tanto pola Universidade de Vigo como pola Oficina de orientación de emprego xa que sempre para a adxudicación de plazas se seguiu o procedemento do orde de preferencia en relación co orde de puntuación obtido por cada persoa seleccionada, polo que neste caso concreto o seres Ángela Capelo a terceira en orde de puntuación tería que ter o mesmo orde para a elección de plaza, polo que en ningún caso lle correspondería o Campus de Ourense xa que a mesma optaría en primeiro e segundo lugar polas plazas no campus de Vigo, e en terceiro lugar pola plaza do Campus de Pontevedra , polo que tendo en conta o anterior nunca podería selle adxudicada a plaza do Campus de Ourense.

8º.- Que polo tanto, e tendo en conta o mellor dereito, esta parte solicita unha nulidade nos nomeamentos e que lle sexa adxudicada a plaza que lle corresponde conforme as normas habituais que rixen dita adxudicación para a cobertura de plazas na Universidade de Vigo e na Oficina de orientación para o emprego.

Por elo,

SOLICITO: Que tendo por presentado este escrito de recurso, tra-los trámites legais oportunos , se dicte unha resolución pola que, en estimación deste recurso se declare a nulidade ou subsidiariamente se anule a orde de prelación na adxudicacións das catro plazas de técnicos para as oficinas de orientación ao emprego, e se proceda a adxudicación coas normas habituais que para dita adxudicación se seguen na Universidade de Vigo e na Oficina de orientación para o emprego, e conforme a estas normas, e por ter mellor dereito a Ánxela Capelo se lle adxudique a plaza que lle corresponda , tendo dereito a elixir plaza en terceiro lugar por ser este o número de orde que ocupa na lista de aprobados definitivos por seres a terceira en orden de puntuación no proceso selectivo seguido, e todo elo coas consecuencias legais inherentes e os efectos diferidos ao momento no que se debeu realizar a adxudicación.

En Vigo 9 de novembro de 2007.